

A(S) Aldea(S) polo século XXI

David Otero



“ A falta de relevo xeracional é evidente. O rural quere xente. É a xente a que crea actividade, a que crea vida.” (Camilla Hédouin, MOUNQUP, cantante e música na aldea)

Galiza é maiormente territorio rural e nel anda e vive o 22% da súa poboación. Xa que logo, cara os tempos de arestora e os que veñan non podemos afastarnos das propias reflexións obrigadas e oportunas (todas e todos por máis cerca ou máis lonxe como temos avoas e avós, tamén temos aldea e quen non a teña debería buscala e así logo axudar a construíla e a mantela e desfrutala) e así perante da realidade e asemade co ver no horizonte dos anos que se armen, debemos significar aspectos salientables que nos conduzan ao disfrute e ao benestar. A economía (as súas bases), a ordenación do solo en xeral, os habitats, as actividades de todo tipo, os servizos, a lingua e a cultura, etc., son referentes de consideración e de atención para chegar a formas e maneiras de desenvolvemento racional e eficaz ao redor do rural, no rural, e que ademais nos argumenten en positivo, en progreso,

digamos, para perfilar o que nos gustaría que fose presente en futuro. Non se trata, así ao directo, aínda que en parte pode que si, de aplicarse na necesidade de recuperar as “ ruínas” do rural, das aldeas, si, esas que tan ben, e é certo, se o queremos e gustamos, nos explican. Non é iso. Neste noso Pobo ninguén poderá pórllle chatas a dicir que nas aldeas, no rural, temos o relevante e o memorable, xa que logo os bos cimentos e estímulos dun dos nosos futuros. Nas aldeas, nas súas diversidades, non todas as viaxes son ao pasado, nin tampouco, resignados, debemos asumir que somos uns orfos de futuro. Faise moi de ser e falamos para todas e para todos, sen reparar en singularidades, faise moi de ser, repito, tratar de irmos dando pasos e poder sermos máis alá das nosas nocións. Todas e todos, no rural e os do rural tamén, temos os nosos tempos propios e neles e con eles nos movemos e actuamos, polo mesmo entre outras cousas é moi importante observar que o que se lle chama “ turismo rural” non define, nin determina, nas aldeas, no rural, os decorados, ou as paisaxes, pois en ben veces non corresponden coa verdade, nin coa realidade, do que se vai buscar. Os desenganos nestes casos serán proporcionais ás ilusións ou fantasías que se puxesen.

As xentes do rural teñen a súa visión propia, a súa cosmovisión, os seus universos, por iso se constrúen desde si mesmas, sabéndose e sentíndose, acercándose de por si ao seu mundo e transitando por el. Así como se di que a cidade é un centro cun espazo en movemento perpetuo, no rural hai que levar a cabo actuacións e planeamentos para que as ideas das aldeas non sexan as dunha imaxe conxelada, nin as

dunha realidade enmudecida (muda). As aldeas non son eses lugares residuais dos que se queren facer exemplos que reflectan desde abaixo aquilo de como os tempos son superados fóra delas. As aldeas non poden ser menosprezadas. Non se deben definir por oposicións ás cidades. As aldeas teñen (que) andar de por si. O urbano non pode colonizar o rural. A cultura urbana non pode desembarcar no rural para fagocitala. As diferenzas entre o rural e o urbano, aldeas, cidades, aínda que menos, permanecen

“As familias do rural son meticulosas administradoras de sistemas produtivos que poden chegar a manter centos de elementos biolóxicos distintos. Árbores, mato, plantas cultivadas e bravas, setas e cogomelos, outros fungos, rabaños, animais de traballo, domésticos, abellas, peixes, aves de curral. Non soamente aproveitan a biodiversidade. Créana. A agricultura industrial, poñemos por caso, modifica intensamente o entorno para satisfacer a esixencias fisiolóxicas dunha semente. A agricultura rural, pola contra, procura que a semente se adapte ao entorno” (Marc Badal)

Recordo á señora Carme de Ameixeiras con noventa e sete anos que me contaba tal sabía feita de experiencia. Esa que soamente se consegue cos anos vividos. Contábame, digo, en contra dos tópicos típicos que circulan a nivel de falar en barato, que as xentes, veciñas e veciños, das aldeas non se pasaban a vida traballando, día e noite, mes a mes, ano a ano. Tamén gozaban de tempos de lecer. Tempos valiosísimos cheos de contidos vivenciais, xa que logo puramente,




esencialmente, culturais na lingua propia, neste caso a galega, Os maiores bailaban despois da misa. Contaban e recitaban. Poxaban polo santo ou pola santa. Cantaban e xogaban ás cartas. Ían ás castañas ou por espigas de millo en verde para compartilas asadas ou torradas e facelas en común. Moi maravillosas eran as horas xa da noite logo das matas dos porcos, das segas e mallas, das vendimas, dos carretos, etc. Como se gozaba poñéndolle o ramos a unha casa. As nenas e os nenos tiñan os seus xogos, as súas cancións. As mozas e os mozos marcaban os seus lugares e paseos de mocear. Todos desfrutaban de datas especiais como nadal, pascua, maíos, así como das festas e das romarías. Todo era un abrazo comunal. Cohesión popular. Descanso. Mundo emocional. Tamén me contou a señora Carme que raramente na aldea había unha persoas ociosa. Iso quedaba para os mangantes (ela di que moi escasos), para os señoritos (loxicamente moi poucos), para os veraneantes e daquela tamén para algún que outro turista. Desde os máis pequenos aos maiores, cada quen tiña as súas tarefas e obrigas. Ser mandante non estaba nada ben visto. Como nos di o investigador Marc Badal: “os nosos antergos non entenderían ben nin o aprobarían, a proliferación de arestora de xente ociosa nas vilas, nas aldeas. Xubilados paseando por prescripción


médica, desempregados que consumen tardes no café o una taberna, familias que van pasar o día á cidade, mozos que se adestran ao fútbol tres veces por semana. Veciñanza ociosa e a miúdo aburrída. Unha nova forma de estar no rural. Unha mala copia da vida na cidade.”

Estamos, e iso hai que poñelo enriba da mesa, na perda do mundo rural, sobre todo campesiño, tradicional. A verdade, e botemos man da memoria e asemade do interese que lle puxemos, o antedito non foi por avisalo. A cousa foi prognosticada con moita antelación, pero quedou en falar de falsos iluminados. Eses toliños. Pero o tema é que o rural, o aldeán, non se pode ir en silencio. El escribiu, e debe seguilo facendo, a súa historia e todas e todos debésemos coñecela. Non podemos estar sempre á escoita momentánea de quen nola conte. Hai que facela nosa. Entenderemos mellor o noso presente e o futuro non estará tan embazado. Hai moita imaxe desenfocada do rural, Bastante ruralismo desfigurado. A aldea non ha ter morte natural. Non ha perder quen debe ser. Esa soberanía.

Non queremos a caída, nin o declive, do rural e para tal temos que crear alternativas de funcionamento, activismo vital e ordenación

dos espazos e territorios. Faise imprescindible, como din a profesora María do Mar López Fra e o profesor Edelmiro López Iglesias, unha diversificación da base económica das aldeas, do rural, cara a actividades que respondan ás oportunidades abertas polas novas demandas da sociedade, as do Pobo do Galego (non da cidade). O tecido económico ha ter un peso importante, sen selo todo, pois haberá que considerar os potenciais (mesmo agrarios ou forestais, poño por caso) de moita consideración para seren planeados, ordenados e activados. Teremos unha xestión eficaz, creativa e moi intuitiva, do territorio que conleve a sustentabilidade do medio natural rural (neste caso en especial, pois o rural suma e poida que multiplique). O nosos espazos naturais son de moito valer e a súa conservación e mantemento non se han poñer en discusión fundamental e por elo as propostas e accións han levar ese baseamento: o de manter e conservar. Iso motiva de mellor maneira a que as actividades sexan máis integradoras, colectivas e que respondan equilibradas ás necesidades de proximidade sobre todo, sen menosprezar, ou non






considerar, aos doutros lugares. De dentro a fóra. De nós a nós. E a vós. Velaí unha fronte de iniciativas que conlevan intensamente unha verdadeira valoración dos recursos rurais (locais).

E de aí no conservar e manter, tamén con xenerosos e reais investimentos institucionais para comezar, de inicio, que dimanen seguridades para que estimulen a incorporación sobre todo da mocidade nas actividades rurais, pois agora case que están reservadas a xubilados e a xente logo das horas de traballo noutros oficios, ábrese a oportunidade dun agricultura viva, activa, participativa, compartida, que posibilita

outras novas actividades (e aí van o turismo e as actividades de lecer). Por iso, lonxe dos monocultivos, será de ben poñerse nas necesidade de diversificacións de moitas actividades como turismo, artesanía, hostalería e restauración, produción agroalimentaria, por poñer exemplos. Pois como di o economista portugués Fernando Oliveira (el referido a Portugal e que entendemos de boa aplicación noso caso): “o problema de fondo do rural galego, no que respecta á base socioeconómica, é que este xa non é soamente, principalmente, agrario, pero “ aínda non é outra cousa”. Iso avala a articulación e tecer ordenado do rural. O simplificar medio rural e agricultura, identificalo así, simplemente xa non vale e por iso, e máis, temos que reflexionar á hora de elaborar alternativas, que non basta o xeral, pois o rural é moi diverso, xa que en cada bisbarra, máis ou menos, hai que elaborar as súas propostas sabendo quen e como son e da viabilidade dos seus recursos. Tamén a situación económica, pois no rural, o traballador e a traballadora, os seus soldos non dependen das horas de traballo. Depende das colleitas e da súa comercialización. E aí mídese e avaliase a demografía rural. Velaí pois, as imaxes de calidade. E abofé que se fai ben certo o dito aquel tan noso: “en cada roca seu fuso e en cada terra seu uso”.



Temos moitos espazos e lugares en risco de desaparición. Moitas aldeas permanecen con moi pouca veciñanza e se non promovemos novas alternativas acordos cos lugares para a incorporación de mulleres e homes ás actividades rurais (agrarias?) imos mal. Iremos necesariamente a desaparecer pola mediación (gubernamental tamén) de amable faciana. A desaparición do rural, e repetímolo, non será a causa dunha morte natural. Está premeditada. Estudada. Planificada?. Hai hostilidade ao rural? As veciñas e veciños do rural teñen que sufrir complexo de inferioridade?

A nosa tarefa compartida ha ir pola superación do vivir no rural. Contarei que nunha ocasión conversaba co señor Evaristo de Vilela. Falabamos das medidas duras que lles aplicaban pola contribución, polos pagos de transmisións, etc.. Eu dicíalle que aquilo era unha verdadeira inxustiza. El miroume e con falar rendido díxome:” a inxustiza éche preferible á ruína total”. Vaites, vaites, diría Daniel de Rianxo e Castelao de Galicia. E claro, retruqueille eu con respecto: logo a pensión é un salvavidas para non afogar...ou? Non me dixó nada.

